



Colegio  
APÓSTOL SANTIAGO  
XESUITAS - VIGO

---

## NORMAS DE USO DO SERVIZO DE TRANSPORTE

---





O servizo de autobús é unha prolongación do horario escolar e, polo tanto, os cuidadores e os alumnos deben esforzarse por vivir as mesmas normas de convivencia e educación que se ensinan no colexio.

O servizo de autobús conta cun cuidador ou monitor acompañante por liña, que se encarga da orde e a seguridade dos alumnos dentro do autobús, así como nas subidas e baixadas do mesmo. De todos os xeitos, todos debemos colaborar ao bo funcionamento deste servizo. O traballo dos monitores é a vixilancia dos nenos desde que suben ao autobús nas súas respectivas paradas ata o colexio e viceversa. Entre as súas obrigas non se contempla o transporte de bolsas, medicamentos, diñeiro, etc. Asimesmo esperarán no autobús, xunto co condutor, aos alumnos na viaxe de volta a casa. Se teñen algunha dificultade deberán comunicalo ao responsable do transporte.

- Os horarios do transporte e en consecuencia da recollida e entrega do alumnado poden sufrir pequenas modificacións debido a distintos factores, entre eles as incidencias do tráfico. Recomendamos ás familias, especialmente ás dos máis pequenos, que cheguen á parada correspondente cunha antelación mínima de 5 minutos.
- Cando o alumnado sube ao autobús convén que o faga de modo ordenado, sen empuxarse, dando preferencia aos máis pequenos e aos máis necesitados ou seguir a orde establecida polo monitor, saudando con educación. Sempre viaxarán sentados ocupando un asento, có cinto abrochado e evitando comportamentos que poidan perturbar a seguridade.
- Cando un alumno non cumpra as normas mínimas de convivencia o cuidador corríxiralle. Se a actitude negativa é repetitiva ou ben provoque desperfectos materiais, o monitor informará ao responsable do transporte que o porá en coñecemento da familia. Aqueles alumnos que incumpran as normas poderán ser sancionados coa perda do dereito a viaxar no autobús.
- Todos os usuarios do transporte deberán levar consigo a tarxeta identificativa. Os alumnos de Educación Infantil e 1º Ciclo de Educación Primaria farano en lugar visible.
- Os alumnos absteranse para comer e beber no autobús.
- Calquera cambio ou modificación na rutina do neno (de parada, de liña,...) debe ser notificada por escrito pola familia ao titor correspondente antes do recreo da mañá (11'15 h.) e ao cuidador-responsable do autobús no momento de facer uso do servizo.
- Se un alumno non é usuario do servizo de autobús, non poderá facer uso do mesmo.
- Todos os alumnos, nas paradas de regreso, deberán ser recollidos por unha persoa que se identifique como familiar ou autorizado polos titores legais. No suposto de non haber ninguén na parada para recoller ao neno este seguirá ao coitado do monitor seguindo os seguintes pasos:

A familia:

1. Pode intentar chegar a outra parada da ruta antes de que o faga o autobús.
2. Chamará ao colexio para comunicar o sucedido.
3. Deberá recoller ó neno no colexio.

Obrigas das familias:

Estar ao corrente dos pagos do servizo de transporte. O incumprimento das obrigacións de pago pode supoñer a cancelación do servizo.

Para calquera consulta, queixa, suxestión,... poden dirixirse aos seguintes correos:

[transporte@colegioapostol.com](mailto:transporte@colegioapostol.com)  
[atencionafamilias@colegioapostol.com](mailto:atencionafamilias@colegioapostol.com)